



Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello, presenta ao pleno a seguinte moción para que sexa debatida na vindeira sesión plenaria relativa á limpeza e conservación dos nosos lavadoiros.

Exposición de Motivos:

Os lavadoiros do noso municipio, son pequenos lugares con moito encanto, que nos contan unha historia ademais dun patrimonio rico e único. No noso concello moitos veciños/as seguen a darlle uso, lavando diversas prendas como se facía antano, e por iso, que a administración local debe velar pola súa conservación e limpeza, non so xa como atractivo turístico, senón para permitir que os cidadáns que así o desexen poda seguir facendo uso deles.

Polo tanto son parte do patrimonio histórico do municipio de debemos preservar e coidar, non so por que fan mais bonita unha zoa, senón tamén por que son un reclamo turístico, o ser infraestruturas únicas.

Sen embargo, e a pesares, de xa ter presentado ante este pleno iniciativas neste senso, comprobamos que o equipo de goberno carece dun plan de conservación e limpeza, pois mais ala de limpeza puntuais, moitos lavadoiros presentan un estado de abandono que mesmo dificultan poder facer uso deles.

Por todo o exposto solicitamos ao pleno da corporación:

1. O equipo de goberno realice un plan de conservación e limpeza anual, co fin de protexer e garantir estes elementos históricos.
2. Que se leven acabo os traballos de limpeza necesarios para garantir, que os veciños/as poidan usar esta infraestrutura da maneira mais cómoda posible.
3. Que se estude a posibilidade de colocar un pequeno cartel informativo, ca historia dos lavadoiros, para que calquera persoa que visite o noso municipio, poida coñecer a súa historia.

Manuel M^a Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO
CARAMIÑAL**